

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: Requirimento documentación para nomeamento funcionaria de carreira

EXPEDIENTE: 2023/G003/000293

Considerando o disposto na Resolución da Alcaldía nº 1561/2022, de 29 de novembro, que aprobou as bases xerais e específicas e a convocatoria do proceso de estabilización dunha praza de traballador/a social, funcionario/a de carreira, ao abeiro do previsto nas Disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro.

Tendo en conta a publicación das bases reguladoras do devandito proceso selectivo e a súa convocatoria no Boletín Oficial da Provincia número 230, de data 5 de decembro de 2022, así como os anuncios daquela no Diario Oficial de Galicia, número 236, de 14 de decembro de 2022, e no Boletín Oficial do Estado, número 301, de 16 de decembro de 2022.

Sendo de aplicación os artigos 9, 26 a 28, 44, 49 a 51, 54 a 59 e 63 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia; o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro; a Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística de Galicia; a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes; os artigos 21.1.g), 91, e 103 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o artigo 177 do Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril; o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado por 364/1995, de 10 de marzo (de carácter supletorio conforme o artigo 1.3) e as Disposicións Adicionais 6ª e 8ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e o Acordo regulador das condicións laborais do persoal funcionario ao servizo do Concello de Teo.

Examinada a documentación que a acompaña, vista a proposta do Tribunal cualificador e o informe da técnica de Recursos Humanos de data 3 de marzo de 2023.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a proposta do Tribunal respecto do nomeamento de Mónica Mella Rosende, provista de DNI nº ***3810**, como funcionaria de carreira, para ocupar a praza de traballadora social.

Segundo.- Notificar a presente Resolución á candidata proposta requiríndolle, para que no prazo de vinte (20) días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, presente a declaración responsable segundo o modelo facilitado polo Concello, de que segue reunindo todos e cada un dos requisitos esixidos, e acreditados, conforme ao previsto nas Bases terceira e cuarta das Bases reguladoras do devandito proceso selectivo, no momento de terse presentado a aquel, así como de non estar incurso en causa de incompatibilidade, de conformidade coas previsións normativas aplicables ao respecto, e isto sen prexuízo da responsabilidade na que, no seu caso, e por falsidade na dita declaración, puidese incorrer. Igualmente deberá presentar copia cotexada de toda a documentación que presentou xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo: titulación académica, Celga 4, DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da nacionalidade da persoa aspirante, así como a xustificativa dos méritos alegados para a fase de concurso.

Terceiro.- Aprobar a creación da bolsa de emprego de traballadora social, funcionaria de carreira, da seguinte relación de aspirantes:

DATOS			
Nº	APELIDOS	NOME	DNI / NIE
1	ANTA FERNANDEZ	ANA	***2741**
2	CAAMAÑO REY	CARMEN MARIA	***6448**
3	SANJURJO CONSTENLA	SILVIA	***3181**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

DATOS			
Nº	APELIDOS	NOME	DNI / NIE
4	MOURO PEÑA	ANA CRISTINA	***0551**
5	DOVAL ALVAREZ	NATALIA	***6328**
6	SANMARTIN LOPEZ	JAVIER	***2298**
7	ZAMORANO GARCÍA	LAURENTINA	***2313**
8	GONZÁLEZ SAR	BEATRIZ	***2966**
9	ALFONSO FRESCO	JENNIFER	***8847**
10	VIEITES FREIRE	ADRIANA	***7022**

A inclusión na bolsa de emprego non implicará en ningún caso a adquisición da condición de empregado/a público/a, constituíndo unicamente unha expectativa de dereito de ser chamado/a para ocupar o correspondente posto de traballo.

Cuarto.- Publicar a presente resolución na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello.

Quinto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre.

Teo, asinado, polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

O alcalde,
Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral, que dou fe
Virginia Fraga Díaz